


FIADÉIRO - 92



LETRAS

GALEGAS - 1992

RAUUSA

SAUDO E DESPEDIDA DOS ALUMNOS DE 8º

Xa ,xe chegamos á fin do Curso,e os de oitava estamos a rematar a nosa andaina polo Colexio;unha andaina que comezou,hai oito anos ,alá polo 83-84.

Neste período de tempo as cousas no Colexio cambearon moito,féronse mestres,viñeron mestres,as obras tamén se sucederon...

Eu quixera ,aproveitando este espacio no noso xornal"O FIADEIRO" felicitar a eses mestres que nos axudaron nos primeiros pasos: D.Xosé Luís Graño,e Dona M^{de} Carme Alvarez Condón.E és que xa levan anos neste Colexio,que sigan coa súa laboura,e a súa fe. Un saúdo és mestres que marcharon:

D.Paco Mesa

D.José Feijoo

D. José Manuel,etc.

E un desexo de boa sorte és novas:

Dona Gema

Dona Deri

Ben Pace

Remate ,para non alongar moito esta despedida,dándolles as grazias a todas vestedes,que nos axudaron coa excursión ,que sen vestedes isto sería imposible.

Ata sempre e moita sorte.

Oscar García Bastón 8ºA

SEMBLANTA DE FERMIN BOUSA BREY

Fernán Bousa Brey, nace o día 31 de marzo de 1.901, en Pontecareas. É fillo de D. Luís Bousa e de Orenxia Brey.

De neno levou a educación familiar. Admiraba a seu pai, que pertencía ás IRMANDADES de FALA, e o seu primeiro libro adicoullo a el.

En 1911, Fernán Bousa estudia Bacharelato no Instituto de Pontevedra, pero acaba os estudos en Ourense no ano 1.917.

O pai era amigo de D. Ramón Cabanillas e este dá-lle, ó rapaz, unha carta de presentación para B. Antón Losada Diéguez cando marchou para Ourense.

Bousa Brey vai a Universidade Compostela no ano 1.917, para comensar Filosofía e Letras, carreira que cambiou ó ano seguinte pola de Dereito no que se licenciara con Grado a mérito.

Resata os estudos de Filosofía e Letras en 1.924.

Cando chega a Compostela, funda a Asociación de Estudiantes, da que non se coñecía nada, proclárase Secretario Xeral e convoca Mitins os domingos no Teatro Principal.

Fixo teatro, como actor, nas obras de D. Armando Cotarelo Valledor.

Participa na fundación do Seminario de Estudos Galegos.

Escribe e empesa a publicar.

En 1.919 aparecen algunhas colaboracións súas na revista ULTRÉYA, sábese tamén dúa poema "A REBEN DARTO" escrito en Castelán e dun libro de POESIA de cando tiña 20 anos.

Publicouse máis adiante o "POEMA DES 20 ANOS, e AS ESTRELAS NO SOMBREIRO". Desde o ano 1922 comenza a publicar na revista "NOS".

Cando acaba Dereito vaise para Madrid e alí ingresa na Xudicatura, e no ano 1.929 foi destinado a Vielha. Neste tempo publica unha revista en Barcelona. Pensionado marcha a Bretaña. A fins, dese mesmo ano, vén trasladado para A Estrada.

Comenza a ser recoñecida a súa figura pola labor intelectual, que desenvolve en Portugal.

Entre os anos 1.929 e 35 volve a colaborar na revista "NOS" e no Seminario de E. Galegos donde publica "RAC BRULLEIRA" o primeiro libro de Poemas.

Achégase ó Partido Galegista.

Casa con Emilia Alvarez. Teñen unha filla que lle morrerá ós cinco meses e que adica " NO CIMITERIO DE CORTEGADA ".

Volve A Estrado como Xefe, e no 1.937 é cesado no cargo.

A guerra e estas circunstancias fan que se resinta na súa saúde.

Rehabilitado no cargo en 1.939 vai para Lleida. Alí non o pasou moi ben. Durante este tempo naceron as súas fillas: Nº Luisa (1.938) e Nº - Isabel (1.939).

No 41 instálase en Santiago de Compostela e no 45 ascende a Maxistrado sendo destinado a Lugo, a onde por razóns de saúde nunca chegou a ir.

No ano 46 ocupa a praza de Maxistrado en Pontevedra, residindo, alí, varios anos.

Ingreza na Real Academia Galega en 1.940, co discurso " LA HISTOLOGIA DEL AGUA EN EL NOROESTE HISPANICO. No 42 é condecorado coa Cruz de Alfonso X El Sabio. Participa na Fundación do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Recibe por méritos profesionais, a Cruz de S. Raimundo de Peñafort.

Nestes anos naceríanlle os seus dous últimos fillos: José Luis (1.944) e Fermín (1.946). No 1.952 deixa definitivamente a carreira xudicial.

Pasa entón a residir en Santiago, onde segue traballando na investigación publicando artigos e estudos en Cuadernos de Estudios Galegos do Instituto Padre Sarmiento.

Mantén unha grande amizade con D. Ramón Otero Pedrayo e D. Xesús Carro. Asistía ós Parladeiros na casa de D. Dimingo Garoña Sabell.

No ano 1.955, publicanlle en Portugal " SEITURA ". No 67 dirixe excavacións en varios lugares de Galicia, integrado na sección de Arqueoloxía do Instituto Padre Sarmiento.

Foron moitos e moi diversas as actividades desenvolvidas polo grupo nesta época. Anos andados dende o exposto dos traballos arredor da Arqueoloxía, van proxectar unha diversificación de áreas e máis tarde levará a fundarse o Museo do Pobo Galego. Tivo relación con " Nova Canción Galega, colaborando en algún arranxo de cancións. É autor da letra dunha delas " O can ten frío. No 71 os amigos ofrécenlle unha Homenaxe en Santiago, co gallo de cumpli-los 70 anos. No 1.972 sofre unha trombose e queda nun estado de saúde particularmente delicado ata que o 11 de xuño de 1.973 morre en Santiago.

O ano seguinte o PATRIMONIO ROSALZA DE CASTRO otórgalle, a título - póstumo o PEDRON DE OURO.

se fixo o Día das Letras Galegas

Alá polos primeiros anos da década dos 60, un grupo de escritores galegos víron que en Castela tiñan o "Día de las Letras castellanas", que celebraban todos os anos na mesma data. Este "Día de las Letras Castellanas" se adicaba a un gran escritor castelán. Entón, o grupo de escritores galegos xa mencionado, comezou a cavilar na idea de facer un Día das Letras Galegas. Lando tiveron que escoller unha data, escolleron o 17 de Maio, día no que se publicou "Lantares Gallegos" de Rosalía de Castro. Ademais deuse a casualidade de que o primeiro Día das Letras Galegas, celebrouse cando se cumprían cen anos da publicación de "Lantares Gallegos". Por esa razón, o primeiro Día das Letras Galegas celebrouse o 17 de Maio de 1963. Claro está, pelas razóns que veño sinalando, o primeiro Día das Letras Galegas adicáuselle a Rosalía de Castro.

O primeiro Día das Letras Galegas, adicado a Rosalía de Castro

Rosalía de Castro (1837-1883) naceu en Santiago de Compostela, mais residiu en Sardiña. Rosalía foi unha excepcional poctira, qédese dicir que unha das mellores escritoras e escritores galegos de todos os tempos. Unha das súas mellores obras foi "Lantares Gallegos", que lle supuxo o privilexio de se-la primeira escritora galega a que se lle adica o Día das Letras Galegas.

A continuación imos ver un poema de Rosalía de Castro.

A NATUREZA

Estou no campo ou sea,
miro para o horizonte,
vese a posta do sol
que se mete tras do bosque.


É unha paixase preciosa,
tamén vexo os paxariños
como vean con comida,
para lle dar ós seus fillos.

As lebres corren no bosque,
no prado e nas silveiras,
reagárdanse nos seus tocos
porque xa a noite chega.

Xa se pechan as florifas,
as velvoretas xa marchan,
non se mira ningunha avella
e xa os biches se gardan.


Técalle saír ó moucho
coa lúa de compañía,
e o resto dos animais
dormen agardando ó día.

Angela Martínez Duarte. 8^ªA




UNHA FLOR

Hoxe mirei unha flor nacer
hoxe mireina.
Onto non estaba
as súas raíces durmían aínda.
Calada estaba a s'ua alma.



Pero, hoxe, o seu tallo fino
case que transparente
acariciou á suave sol da mañá,
e as súas follas tenras
bailaban ó son da brisiña temprana.



!Canta fermosura
no medio do campo
era pequena, pero... lucía tante....



Os meus ollos contemplaban abraiados
a súa delicada figura e os seus pétalos.

Hoxe mirei unha fler nacer
medra como o sol deste nove ano
e é que o inverno alónxase
e a primavera vai chegando.

Lidia Ferradás e Iria Cordal, 8^ºA



Poesia



Adiós ríos, adiós fontes,
adiós regatos pequenos
adiós vista dos meus ollos
non sei cando nos veremos...

Minha terra, miña terra,
terra onde me eu crei,
hortiñas que quero tanto,
figueiriñas que plantei.

Prados, ríos, arbores,
pinares que move o vento,
paseariños piadores,
casina do meu contento.

Adiós ríos, adiós fontes...

Rosalía de Castro.




'As pedras da faneca'

Somos uns rapaces de 4º A que lle preguntamos ós nosos pais, tios e avós como se chamaban as pedras onde eles ían a pescar fanecas.

Entre todos conseguimos recoller os nomes das pedras sinaladas no mapa do noso litoral.

Os que van á pesca, saen da casa moi cedo, normalmente ás sete da mañá. Cada un xa ten o costume de ir á mesma pedra ou pola mesma zona.

Non pescan sempre fanecas, tamén pescan outras clases de peixes, como corbelos, buraces, rinchas, xirelos,... etc.




Algunha vez tamén nos levaron a nós a pescar. Pescamos pouco pero pasáno-lo moi ben porque desde a gamela era moi bonito mira-lo mar, xa que se vían algas, ourizos e cousas moi bonitas. Parecían un tesouro.

Os que van a pescar por estas pedras utilizan liñas. A liña principal é máis grossa co estrallo. Ó final da liña grossa vai un chumbo no que está empatado o estrallo.

O estrallo é unha liña máis fina na que van unidas dous ou tres anzóis.

Van a pescar todo o ano e utilizan normalmente como cebo, bolos, miñocas,...

Localización das pedras da fanecca



ZONAS :

- | | | |
|-----------------------|--------------------------|------------------|
| A - PRAIA DE BELUSO | D - CABO DE UDRA | G - PRAIA DE BON |
| B - PRAIA DE TULLA | E - PRAIA DE ANCORADOURO | |
| C - PRAIA DE MOURISCA | F - PRAIA DE LAGOS | |

PEDRAS :

- | | | |
|--------------------------|------------------------|--------------------------|
| 1 - Pedra Blanca | 9 - Lobeiras de Fora | 17 - Cons da Udra |
| 2 - Pedra Erbelo | 10 - Lobeiras de Terra | 18 - Pedra Morta |
| 3 - O Cabalo | 11 - O Puntal | 19 - Corbeiro da Udra |
| 4 - Pedrón | 12 - O Consifio | 20 - Con do Barcelo |
| 5 - O Poleiro de Aguda | 13 - O Cajadouro | 21 - As Escandifias |
| 6 - Pedra do Mel | 14 - As Bolantifias | 22 - Corbeiro de Lagos |
| 7 - Pedra Rasada | 15 - Con de Pego | 23 - A Redonda |
| 8 - O Cabezo da Mourisca | 16 - Come Chumbadas | 24 - A Fanequeira de Bon |

- Rubén Fernández
- Miriam Ferradáns

- Martín Otero
- Angela Rodríguez

DEPORTES

O BALONMÁN

Este ano no Colexio houbo moitas actividades deportivas, entre elas o balonmán, actividade da que imos falar.

Hai varios equipos de nenos e nenas:

Infantiles masculinos (13 e 14 anos) infantil feminino (13 e 14 anos)

Alevín masculino (11 e 12 anos) alevín feminino (11 e 12 anos) e cadetes feminas.

Todos estes equipos xogaron durante o ano contra as súas correspondentes categorías pertencentes ós Colexios de Bueu, Cela e Aldán.


As rapazas infantiles (aínda que tamén había algunha cadete mesturada, porque eran poucas) foron gañando tódolos partidos que xogaron e quedaron clasificadas; os outros equipos non quedaron clasificados.

Elas ó clasificarse tiñan que xogar contra os Colexios de Coiro, Cangas e se lle gañaban quedaban clasificadas para os campionatos provinciais.

Pero cando xogaron o primeiro partido contra as rapazas do Colexio de Coiro, perderon e entón tódalas esperanzas marcharon.

Despois dalgún tempo sen xogar, fai unhas semanas volveu comenza-la liga, e polo de agora fóronos gañando.

Tamén houbo un partido amistoso, un día da Semana Cultural do Colexio; o partido foi contra as de Bueu, e como non!, tamén gañamos e déronnos unha bonita medalla coma recordo.



María Millán
Rosana de la Torre

8º B

XIMNASIA RÍTMICA E TAEKWONDO

Costou traballo pero ó fin conseguimos ter deportes no Colexio; dous deles son: a ximnasia rítmica e o TKD. Dúas actividades moi disciplinadas e de moito esforzo corporal.

A ximnasia rítmica é unha actividade que caeu ben entre o alumnado feminino. Existen nestes momentos 24 rapazas practicando esta actividade, durante dúas horas semanais. Por sorte temos unha moi boa preparadora en exercicios físicos e na táboa ximnástica de fin de curso.


O TKD. é unha actividade de moita disciplina corporal e mental. Require unha moi boa preparación física e unha grande control dos nervios.

Actualmente neste centro hai moi poucos alumnos practicando esta actividade, fan un total de 11 pero encóntranse moi satisfeitos co actual profesor. (Maestro de artes marciais e árbitro de campeonatos superiores). Unha persona moi paciente e comprensiva sobre todo cos mais cativos. O alumnado está composto de rapaces e rapazas dende os mais cativos ata os maiores.

Son estas dúas actividades moi boas para a formación dos alumnos.

Esperemos que o próximo ano os pais se animen a formar parte da Directiva da A.P.A. para que non desaparezan ningunha das actividades extraescolares.

Beatriz Novas 8º B



CAMPEONATO DE PING - PONG

En 1992 o Ping-Pong foi afortunado para o Colexio Público de Beluso polas boas victorias acadadas polos participantes, chegando a campeóns provinciais.

Empezouse a xogar en Beluso contra varios Colexios do Morrazo. O Torneo pasárono os Cadetes masculino, Infantil e Alevín Feminino.

Logo foise a xogar a A Garda donde os Cadetes tiveron unha nova victoria; as Infantís Femininas foron derrotadas polo equipo de Oia e as Alevín feminino gañaron.

A final xogouse no Centro Social da Cultura en Vigo, donde os Cadetes e as Infantís Femininas, quedaron campeóns e recibiron as súas medallas correspondientes.

Nomes de nenos e nenas que formaban os equipos gañadores:

CADETES Masculino:
- Miguel A. Patiño Ferradás
- César Magdaleno Álvarez
- Juan M. Ferradás Crujeiras
- Ricardo M. Pastoriza Estévez

ALEVÍNS Femininas:
- Carmen Piñeiro Pérez
- Carmen Pastoriza González
- Irene Rey Novas

Miguel Patiño
Xoan Manuel
Sergio Seijas

8º B

BALONCESTO

Levábamos moito tempo entrenando moi duramente para poder conseguilo título de campeóns.

Chegou a hora da verdade e nos estabamos moi temerosos xa que era o noso "debut"

1º PARTIDO.

Nos pola falta de experiencia non puidemos logra-la victoria fronte a un equipo que era todo o contrario de nós (Aldán).

2º PARTIDO.

No segundo partido tiñamos a moral moi alta e decidimos que tiñamos que gañar fose como fose.

Nos primeiros instantes da 1ª metade xa tiñamos unha lixeira vantaxe no marcador que pouco a pouco foi aumentando ata o descanso.

Na 2ª metade nós pensamos que xa tiñamos o partido gañado. Pero a "Compañía de Mª" comenzou a reducir vantaxes. Pero nós mediante unha boa defensa conseguimos gaña-lo partido.

3º PARTIDO.



Estabamos mais moralizados ca nunca. Xa que aínda tiñamos esperanzas de gaña-lo campeonato.

Sempre fomos por diante no marcador. E o mellor xogador do S. Roque saíu expulsado por 5 faltas, e a partir dese momento rompémo-lo partido por completo.

CONCLUSIÓN.

Desafortunadamente para nós, Aldán tamén gañou o último partido; e non puidemos gaña-lo título, pero aínda así entre os seis equipos participantes conseguimos quedar no segundo posto, unha moi boa clasificación para se-lo noso primeiro campeonato.

José Luis Otero
82 B



EXCURSIÓN FÍN DE CURSO 8º

ITINERARIO:

- 1º día: Beluso - Salamanca - Cáceres (cena y alojamiento).
- 2º día: Cáceres - Mérida - Sevilla - Córdoba.
- 3º día: Córdoba - Sevilla (visita a la "EXPO") - Córdoba.
- 4º día: Córdoba - Sevilla (2ª visita a la "EXPO") - Córdoba.
- 5º día: Córdoba - Granada.
- 6º día: Granada - Madrid.
- 7º día: Madrid - Madrid.
- 8º día: Madrid - El Escorial - Toledo - Aranjuez - Madrid.
- 9º día: Madrid - Tordesillas - Beluso.


Viaxan 36 nenos e nenas de 8º acompañados polos profesores do Colexio:

- Dª Consuelo Davila Álvarez.
- Dª Mª Isabel Fernández Hermida.
- Dª Adoración Santos González.

A saída efectuarase o día 15 de xuño e o regreso o 23 do mesmo mes.




CRUCIGRAMA - 1



HORIZONTAIS: 1.- Nome propio do autor de *Nao senlleira*. 2.- Artigo. As dúas primeiras vocais. Conxunción. 3.- (Do rev.) Xoán de... xograr que ia moito pola comartha de San Mamado. 4.- (Do rev.) Invente, imaxine. 5.- Na de San simón estaba a protagonista d'ha Cantiga que Bouza Brey cita ó primeiro de *Nao Senlleira*. 6.- Artigo. (Do rev.) Animal de África semellante ó touro. Vocal. 7.- facer uso da razón, pensar.

VERTICAIS: 1.- Realizas, efectúas. (Do rev.) Rilla cos dentes. 2.- Punto cardinal. (Do rev.) Fila, ringreira. Artigo. 3.- (Do rev.) Saír á superficie dunha cousa un líquido que estaba contido nela. 4.- Autor da Cantiga que se cita no 5 horizontal. 5.- Un en romano. (Do rev.) Tempo que tarda a terra en dar unha volta sobre o seu eixe. Preposición. 6.- (Do rev.) Noventa e nove máis un. (Do rev.) Camiño dentro dunha poboación.


CRUCIGRAMA - 2



HORIZONTAIS: 1.- Primeiro mes do ano. 2.- Artigo. Dona, propietaria. Vocal. 3.- Consoante de nome. Artigo. Consoante de *souto*. 4.- Faino quenquer. 5.- Utilizo. Manifestar alegría contraendo os músculos da cara. 6.- (Do rev.) Lancel algo a certa distancia. 7.- Lazo apretado nunha corda. Vocal. Pelo da ovelha. 8.- Consoante. Parte pendente dun monte. Cincocentos. 9.- Capital galega.

VERTICAIS: (Seguido) Bandoiteiro que aparece en *Cabalgadas en Salda*. 2.- Artigo. Edificio onde se gardan e expoñen ó público obxectos artísticos ou históricos. Vocal. 3.- Símbolo químico de *sodio*. (Do rev.) Produce dor. (Do rev.) Batracio. 4.- (Do rev.) Palavra que serve para designar as cousas ou seres da mesma especie. Masa de vapor de auga. 5.- Móvase cara a un lugar. Prefixo que significa tres. (Do rev.) Contracción de preposición e artigo. 6.- Consoante. (Do rev.) Fregaba suavemente unha cousa contra outra. Punto cardinal. 7.- Dado, concedido.

SOPA DE LETRAS










Busca 6 escritores Galegos



HUMOR



- ¿ Sabedes como arreglan os coches os de Lepe?
 - Seplando polo tubo de escape.
 - ¿ Sabedes cal é o colmo dos colmos?
 - Que un mudo lle diga a un sordo que un cego está espiando e un manco peinando a un calvo
 - ¿ Sabes cal é o colmo dun boxeador?
 - Mata-lo tempo.
 - ¿ Cal é o colmo dun albafil?
 - Ter unha miller paleta.
- ~~~~~
- ¿ Como sairías dun deserto cunha laranxa?
 - Pelas as laranxas que ten vitaminas. Sácaslle vita e quédache minas. Píntas as " minas" e fórmase un terremoto. Sacas terra e quédache moto. Colles a moto e lárgaste.
- ~~~~~
- ¿ En que se diferencian unha pera dun tren?
 - En que a pera é pera e o tren non espera.

Adivina

no     son de 

ma  son de 

ma  de 

el 1 tea nos  

NO CED SON DE AGUA
NA TERRA SON DE POLVO,
NA IGREA DE FUME
E UNHA TEA NOS OLLOS.
(AS NUBES)

Laura Sotelo
PREESCOLAR

FIANDIRO - 92



Fermin
Bouza Brey

